

Á ATENCIÓN DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA.

**Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de
Unidade Popular para adoptar accións sobre as inmatriculacións
de bens pola Igrexa Católica no noso Concello.**



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do **grupo municipal Por Chantada-CUP**, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular para adoptar accións sobre as inmatriculacións de bens pola Igrexa Católica no noso Concello.**

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Existe un ditado popular leonés que é *la campana y el pendón del pueblo son*. Os sinos, nos *Concejos de pueblo* do Reino de León, mais tamén nas parroquias do Reino da Galiza e até data ben recente, era o medio de comunicación entre a viciñanza, xa que se convocaba os mesmos con distintos toques, segundo o momento ou a finalidade: a rebato, a morto etc. Por súa vez, os pendóns, aínda que de orixe civil, co tempo pasaron a integrarse e formar parte das institucións relixiosas, asociacións, confrarías, igrexas etc. Son célebres, neste sentido, as fotografías conservadas da Chantada na II República¹ onde centos de sindicatos agrarios enarboran os seus pendóns, semellantes aos que se empregaban nas procesións e outras cerimoniais relixiosas.

No entanto, e aínda sendo conscientes os que nos criamos no rural que as reformas dos lugares de culto corrían á escote **nen a campá nen o pendón das nosas parroquias son**. O Goberno da VI lexislatura, do Partido Popular de José María Aznar², mediante o *Real Decreto 1867/1998, de 4 de setembro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento Hipotecario* permitiu que a Igrexa católica puidera proceder á inscrición rexistral dunha inxente cantidade de bens inmóbeis de alto valor cultural, patrimonial e económico, que até entón tiñan o carácter de bens de dominio público, é dicir, da cidadanía.

1 Aínda non sendo obxecto desta moción, sirva para lembrar que o Concello de Chantada podería con non excesivos medios dixitalizar e promover arquivos fotográficos de grande valor.

2 Un dos Gobernos máis corruptos do posfranquismo ou, se se prefire, da democracia. Para alén de colaborar nos crimes de guerra perpetrados na guerra imperialista do Iraque, dos 14 ministros que formaron o antepenúltimo Goberno de Aznar (xullo de 2002) unha ducia remataron imputados, encarcerados ou implicados en asuntos xudiciais escabrosos. A maioría deles cobraron sobresoldos da caixa B que manexaba o ex-tesoureiro do partido, Luís Bárcenas, un dos maiores escándalos de corrupción da nosa historia recente e que ocupou capas de xornais por toda a parte (Caso Gürtel). Outra consecuencia, hoxe incontestábel, desde Goberno foi o impulso ultraliberal á especulación e ao complexo turístico-inmobiliario, que viña sendo promovido xa desde o *Spain is different* do franquismo, e cuxas consecuencias a partir de 2008 folga sinalar.

Daquela, tratouse dun proceso de desposesión do pobo para beneficio da Igrexa nun Estado aconfesional, mais non laico, que segue permitindo que os poderes privados actúen como estado dentro do estado. A Igrexa resucitou, após a mudanza lexislativa, o uso de dúas normas franquistas e inconstitucionais, aprobadas en 1946 e 1947 respectivamente e que, dado o curso dos acontecementos reforzan falarmos de posfranquismo en múltiples aspectos para describer o réxime actual. En efecto, trátase dos artigos 206 da Lei Hipotecaria³ e 304 do Regulamento Hipotecario.

Por un lado, o primeiro equipara á Igrexa coa Administración Pública, outorgándolle o privilexio de acceder ao rexistro da propiedade sen título. Por outro lado, o segundo artigo equipara aos diocesanos con notarios, de forma que un bispo pode certificarse a si mesmo que é o propietario dun inmóbel atendendo ao que el diga. Como dixemos, unha norma unicamente entendíbel nun réxime que pasou do nacional-sindicalismo (fascismo) dos 40 para o nacional-catolicismo dos cincuenta (o mesmo fascismo con carauta) e onde o sangue das gabias, lembremos o poema “Cunetas” de Luís Pimentel ou o “As ratas” de Luís Seoane, recibiu a benzón da *Cruzada por Dios y por España*.

Así as cousas, inmatriculáronse, sen título de propiedade, centos de bens na Galiza que poderían ser públicos, mesmo antes da reforma do Partido Popular ao abeiro dunhas normas inconstitucionais⁴ e mesmo reprobadas polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. E **dentro da**

3 O artigo 206 do *Decreto de 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria* é do seguinte teor:

«El Estado, la Provincia, el Municipio y las Corporaciones de Derecho público o servicios organizados que forman parte de la estructura política de aquél y las de la Iglesia Católica, cuando carezcan del título escrito de dominio, podrán inscribir el de los bienes inmuebles que les pertenezcan mediante la oportuna certificación librada por el funcionario a cuyo cargo esté la administración de los mismos, en la que se expresará el título de adquisición o el modo en que fueron adquiridos».

4 Véxanse, por exemplo a *Sentenza 340/1993, de 16 de novembro* do Tribunal Constitucional (TC), onde se declarou parcialmente inconstitucional o artigo 76.1 da Lei de Arrendamentos Urbanos de 1964 por vulnerar dous artigos da *Constitución Española* (CE): o 14 e o 16.3 (**principio de laicidade**):

«En lo que se refiere, por tanto, a "la Iglesia Católica", la justificación del precepto impugnado se basa en un fundamento no conforme con la Constitución Española de 1978, que ha dispuesto que "ninguna confesión tendrá carácter estatal" (art. 16.3 CE).»

Por súa vez, a Sala do Civil do Tribunal Supremo (TS) na súa **Sentenza núm. 955/1996, de 18 novembro** formulou a posíbel inconstitucionalidade do propio artigo 206 da Lei Hipotecaria ao colidir coa **acofensionalidade do Estado (art. 16 CE)** e co artigo 3 da Lei Hipotecaria.

Amáis, existe un conflito entre o precepto rexistral 206, un PRIVILEGIUM que remete para o IMPERIUM que a Igrexa ten como “estado dentro do Estado” e a **igualdade** que proclama o **artigo 14 da CE**.

provincia de Lugo é o concello de Chantada onde máis bens se inmatricularon sen que se erguera a voz do Concello para facer valer o ben común. Malia que atinxen o cento de bens inmatriculados nengún conta cun título distinto da certificación eclesiástica.

Asemade, debemos subliñar que **o posíbel uso litúrxico non condiciona en absoluto a propiedade** e, a maiores, inmatriculáronse centos de bens en en manifesto abuso de dereito e fraude de lei, ao non ser posuídos nunca pola Igrexa católica e mesmo non poder argumentar a coartada do seu posíbel uso litúrxico, como solares, vivendas, camiños e mesmo prazas públicas. A presión cidadá e política desvelou numerosos escándalos provocando a aprobación da *Lei 13/2015, de 24 de xuño, de Reforma da Lei Hipotecaria aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 e do texto refundido da Lei de Cadastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo*. Porén, a mudanza foi timorata e sen efectos retroactivos, co que se produce unha amnistía rexistral sobre os milleiros de bens rexistrados pola Igrexa en todo o Estado sen presentar título de propiedade.

No entanto, coa recente modificación da *Lei Hipotecaria* e da *Lei do Cadastro Inmobiliario* ponse fin a este abuso de dereito que supuxo a legalización dun espolio indiscriminado de bens, en multitude de casos construídos, restaurados e/ou mantidos con fondos públicos ou viciñais. Recentemente, **as Cortes do Estado⁵ veñen en facer público un inventario de todos os bens inmóbeis**, dos que 7.131 están **situados na Galiza⁶ e inmatriculados pola Igrexa** católica desde a reforma da Lei Hipotecaria de 1998 até a actualidade que **permite reclamar en vía administrativa ou xudicial calquera discrepancia que sexa detectada**.

Do total, **atópanse situados en Chantada 99 bens, todos unicamente rexistrados cunha certificación eclesial**. Como xa dixemos é o concello da provincia con máis bens rexistrados, representando 1.39% do total galego e 9.33% dos 1062 bens da provincia de Lugo.

5 En cumprimento da Proposición non de Lei do grupo socialista no Congreso dos Deputados aprobada na sesión de 4 de abril da Comisión de Xustiza.

6 20.4% do conxunto do Estado e só por tras de Castela e León (10.243), dos que 88% só con certificación eclesiástica. Se ponderamos a extensión das dúas CCAA a Galiza é a CA máis atinxida.

Desta arte, para pescudar o alcance e situación dos bens inmóbeis inmatriculados pola diocese de Lugo desde a reforma da lei hipotecaria, así como para avanzar no municipio de Chantada na reversión dun proceso de apropiación, cando menos opaco e con pouca ferramentas ao dispor da viciñanza para a esculca do mesmo, Por Chantada-CUP endente acreditados suficientemente os motivos que xustifican a presente moción.

O sector da cultura é un dos máis atinxidos pola crise económica actual, se ben ten sido deixado de lado, feitas as contas, de todos os futuros planos de recuperación en marca. Existen varias problemáticas ligadas aos bens culturais propiedade do bispado. Dunha parte, faltan ferramentas para facilitar acceso e aproveitamento dos recursos, de maneira que se garanta a seguraza dos bens e se poidan restaurar e mellorar. Non facelo é caer no desleixo e no abandono. Doutra parte, na Ribeira Sacra estes bens poden contribuír para dinamizar cultural e turisticamente a nosa contorna, mais para iso cómpre facilitar outros usos sociais para alén dos litúrxicos: actividades musicais, presentacións de libros, dramatizacións, exposicións, servizos turísticos con horarios claros para potenciar visitas guiadas e pacotes turísticos...

A Igrexa veríase tamén favorecida, a medio-longo prazo, e, en todo caso, o patrimonio xerido por esta institución recibe cantidades inxentes de diñeiro público en cada restauración ou actuación, cando non é a parroquia a que core cos gastos directamente a pesar de non ter a súa titularidade.

A declaración BIC dos Escolapios en Lemos é o último episodio de bens patrimoniais, algúns mesmo de propiedade dubidosa como xa se explicou, que reciben fondos públicos sen brindar nengún tipo de contraprestación para a sociedade, que é a que paga o proceso.... Porén, para as persoas guías, os músicos, os escritores etc. existen múltiples eivas e opacidade, que imposibilitan o acceso e promoción profesional a eses bens, ou sexa, non poden ofrecer a un touroperador un produto turístico que inclúa esas visitas, pois dependen da vontade do crego de cada parroquia. Dada a importancia de **Chantada** como **porta da Ribeira Sacra** e a riqueza do noso románico, o Concello debería tentar mediar para sentar as bases dun procedemento que favoreza a transparencia e redunde na promoción da diversificación cultural e da calidade e atractivo turístico da nosa contorna.

Por todo o exposto anteriormente, o **grupo municipal Por Chantada-CUP** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Chantada insta o goberno local a solicitar ao Ministerio de Xustiza toda a información relativa ás inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica no termo municipal de Chantada desde a reforma do Regulamento Hipotecario de 1998 até a actualidade.

Segundo.- O Concello de Chantada impulsará a recuperación do patrimonio que así se acredite como bens de titularidade pública a través das vías que correspondan en dereito.

Terceiro.- O Pleno do Concello de Chantada acorda solicitar á Xunta da Galiza e á Deputación de Lugo información sobre todos os investimentos realizados con diñeiro público no arranxo, mellora e sostemento do patrimonio inmatriculado pola Igrexa católica no Concello de Chantada, especificando a porcentaxe que supoñen as achegas públicas realizadas por Xunta da Galiza, Estado e Administracións Locais.

Cuarto.- O Pleno do Concello de Chantada insta á Xunta a comparecer en todos aqueles procedementos xudiciais iniciados a pedimento de entidades locais galegas, ou calquera lexitimado, cuxo obxecto sexa a recuperación de bens inmóbeis inmatriculados pola Igrexa católica.

Quinta.- O Pleno do Concello de Chantada insta o Goberno do Estado español a iniciar os trámites para declarar a inconstitucionalidade dos artigos modificados (artigo 206 da Lei Hipotecaria e artigo 5 do Regulamento Hipotecario), a fin de evitar unha amnistía rexistral e posibilitar a recuperación dos bens inmatriculados.

Sexta.- O Concello de Chantada dirixirase a Patrimonio para iniciar o procedemento que garanta a apertura ao público do mosteiro de San Salvador de Asma en cumprimento da súa condición de BIC (mínimo 4 días ao mes).

Sétima.- O Concello de Chantada iniciará os trámites coa Diocese de Lugo para asinar un convenio que posibilite o uso turístico e cultural dos bens do valioso e diverso patrimonio relixioso de acceso restrinxido, xestionado polo bispado de Lugo no noso termo municipal, dunha maneira transparente e regulada cara un aproveitamento social e cultural.

Moción asinada por Antom Fente Parada na data da sinatura dixital.

GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.